

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE EMPRESA MONFORTE PARA A CELEBRACIÓN DO ARDE LUCUS 2024

Lugo, de 12 de abril 2024

REUNIDOS

Dunha parte , Don Jorge Bustos Atanasio, con DNI núm 33.537.892M, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con NIF P-2702800-J, e domicilio na Praza Maior s/n, actuando en calidade de Concelleiro de Xuventude e Deportes, conforme as atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, delegada a competencia según o Decreto 464/2024 de 19 de xaneiro de 2024,

Doutra parte, Don Raúl José López López , con DNI núm. 34317604V na súa calidade de Administrador único da entidade EMPRESA MONFORTE S.A.U. con NIFA-15019243 con domicilio Polígono Louzaneta , c/ Cotón de Arriba nº 2 CP 27297 de LUGO

Recoñecéndose ambos capacidade para suscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e

MANIFESTAN

Que O Excmo. Concello de Lugo, como todos os anos, pon en marcha a XXIII edición do *Arde Lucus*, unha festa de recreación histórica que devolverá a cidade de Lugo a época do Imperio Romano (siglo I-II d.C.). O *Arde Lucus* recorda a fundación da cidade dentro do incomparable marco histórico que proporciona a Muralla de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidad pola UNESCO no ano 2000, y é unha oportunidade para acercarse o pasado romano de Lugo, e coñecer a sua historia. Esta festa foi cobrando importancia ao conxugar cultura e ocio, converténdose nun referente a nivel nacional, como o demostra a sua gran repercusión mediática e de afluencia de público. No ano 2017 foi recoñecida como *Festa de Interés Turístico Nacional* e alcanzado o máximo renomecemento no 2023 como "*Festa de Interese Turístico Internacional* "

O art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, permite a suscripción de convenios coa finalidade de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuir a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira. Visto o interese da entidade EMPRESA MONFORTE S.A.U, por colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento da XXIII edición do *Arde Lucus*, ambas partes acordan firmar este Convenio de Colaboración, acolléndose ao art. 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de

outubro, de Réxime xurídico do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública u organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereio privado, e o art. 25.1 da Lei 49/2002, do 23 de decembre, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo, e

CONVEÑEN

PRIMEIRO.- O obxeto deste convenio é a colaboración económica, sen carácter exclusivo, por parte da entidade EMPRESA MONFORTE S.A.U da XXIII edición do *Arde Lucus*, que se celebrará entre os días 13 e 16 de xuño de 2024. A celebración da festa, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, según o art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO.- Como parte desta colaboración, a entidade EMPRESA MONFORTE S.A.U financia, mediante a entrega da cantidade de 2.000 €, os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración do *Arde Lucus*. Dita cantidade ingresarase na conta do Concello de Lugo número ES59 2080/0101/56/3110000947, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente a firma do convenio.

TERCEIRO.- Pola súa parte, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade EMPRESA MONFORTE S.A.U nos carteis e programas realizados con motivo do


Arde Lucus, e difundirá por todos os medios de comunicación que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela. O rematar o *Arde Lucus*, o Concello enviará a entidade colaboradora un dossier informativo e recopilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

CUARTO.- O incumplimento de cualquiera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar a rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Será causa de extinción do Convenio igualmente as expostas no art. 51.2 da Lei 40/2015.

QUINTA.- Este Convenio ten a consideración de Convenio de colaboración, e non constitue en ningún caso contrato de patrocinio nin de prestación de servizos. O seu réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Ley 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracions Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

SEXTO.- As dudas que se presenten na interpretación i execución deste Convenio de colaboración serán resoltas por unha Comisión Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. E no caso de que persista a discrepancia, ésta




será resolta pola Excma. Sra. Alcaldesa, cuxa resolución porá fin a vía administrativa e poderá ser obxeto dos recursos correspondentes.

SÉPTIMO.- Este Convenio non será prorrogable, e estará en vigor desde a data da súa firma ata o 16 de xuño de 2024.

Por todo o exposto, firman as partes o presente acordo por triplicado, en proba de conformidade na data arriba expresada.

O CONCELLEIRO DE XUVENTUDE
E DEPORTES



Asdo: Jorge Bustos Atanasio

O ADMINISTRADOR UNICO



Raúl José López López